

Noticia: <http://www.xornal.com/article.php3?sid=20060720120832>

O 32% dos concellos galegos emprega software libre

A Iniciativa Galega polo Software Libre que promove a Consellaría de Innovación e Industria fixo hoxe públicos, a través da súa páxina web mancomun.org, os informes sobre o uso do software libre nos centros de ensino medio e nos concellos de Galiza. Estes dous estudos veñen completar a fase inicial do Observatorio do Software Libre en Galicia, do que xa se deran a coñecer os datos relativos ás PEMEs galegas e ao sector TIC, o pasado mes de maio

(jueves 20 de julio de 2006)

XORNAL | A Coruña.- Os informes, ideados co fin de establecer o grao de implantación do software libre nos distintos ámbitos galegos, foron realizados en colaboración co CESGA e remataranse o vindeiro ano cunha nova recollida de datos e a posterior análise comparativa da evolución experimentada en Galiza, tras a campaña de divulgación que está a levar a cabo este departamento da **Xunta** a prol das tecnoloxías libres. Os informes serven como punto de partida á consellaría no desenvolvemento de distintas liñas de traballo neste ámbito de actuación.

Segundo os resultados recollidos por mancomun.org, existe un índice importante de concellos galegos que está empregando o software libre (32%), especialmente naquelas administracións locais de maior envergadura onde a porcentaxe acada case o 70%. Ademais, a proporción de concellos con aplicacións en galego é moi significativo.

Comparando este dato cos catro ámbitos analizados (PEMEs, sector TIC, Educación Secundaria e concellos), a administración local trátase, polo tanto, do eido máis favorable na actualidade para a implantación das plataformas libres. O dato vese ratificado co alto grao de satisfacción demostrado polos concellos que empregan este tipo de sistemas e o alto índice de expectación amosado para seguir incorporándoo.

As principais razóns deste éxito radican no reducido custo das licencias que supón este tipo de plataformas, o cumprimento da legalidade, xa que implica a ausencia de licencias indebidamente regularizadas, e a independencia do provedor. Na outra cara, os concellos que prescindin deste tipo de sistemas din deberse ao descoñecemento e á falla de formación.

Centros de ensino medio

No que aos centros de ensino medio se refire, os datos recollidos mostran un panorama menos positivo, pois neste caso ascende ao 20% a porcentaxe de centros galegos que empregan software libre para o desenvolvemento das súas funcións. Por outra banda, a porcentaxe de centros con aplicacións informáticas en galego é do 37%.

O informe apunta que, en base ás boas expectativas recollidas, unha vez se apliquen medidas de promoción e formación que subsanen a posición de desvantaxe coa que parten estas centros, as cifras de uso poderanse incrementar, xa que o ensino é un dos eidos máis axeitados para o emprego de aplicacións deste tipo, dado as relacións de comunidade e intercambio que se establecen e a aposta que a Consellaría de Educación vén facendo a prol do software libre.

INICIATIVA GALEGA POLO SOFTWARE LIBRE.- Presentada pola Consellaría de Innovación e Industria o pasado 10 de maio, esta iniciativa dispón dun sitio web creado con vocación de punto de encontro e espazo virtual de colaboración que dea cabida a tódalas actividades que distintos grupos, institucións e empresas realizan en torno ao Software Libre en Galiza. Así, este espazo presenta múltiples ferramentas que permiten a colaboración entre grupos (foros, listas de distribución) e pronto incluírá un wiki e unha forxa para desenvolvemento colaborativo de software. No espazo pódense atopar xa ate sete estudos sobre a situación da implantación do software libre, catro deles referentes especificamente a Galiza. Adicionalmente, os cidadáns poden descargar de balde paquetes informáticos en galego, como o Open Office.

Apenas dous meses despois do seu lanzamento, o sitio web da claras mostras de estar cumprindo coa súa misión. Neste tempo de actividade a web leva recibidas máis de 45.000 visitas (unha media

de 737 visitantes por día), anunciáronse 54 eventos realizados pola comunidade, e rexistráronse un total de 5.366 descargas do Open Office en galego.

Para máis información pódese acceder á páxina web mancomun.org


[Villas galicia](#)

Beautiful villas for sale in Galicia, North West of Spain

[Raz Surfcamp](#)

Desde 1991 en la playa de Razo La escuela pionera de España

© Xornal Galinet S.A. Xornal se edita en A Coruña (España,UE). Ronda de Outeiro, nº421, 1ºB, A Coruña, 15011. Teléfono: (34) 981 91 55 50. Fax: (34) 981 91 55 70. Redacción: redaccion@xornal.es. Publicidad: comercial@xornal.es

Puesto del Top 100 gallego. Publicación digital controlada por  **Alexa**